

REGULAMENTO

XXIV CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES

DATA: 19 de outubro de 2025

LUGAR: Rúa do Alcalde Lorenzo de Bertamiráns (arredores da Casa do Concello)

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Ames organiza, co control técnico da Federación Galega de Atletismo, a **VIXÉSIMO CUARTA EDICIÓN DA CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES**, o domingo 19 de outubro de 2025. Esta proba pertence ao **XI CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DA DEPUTACIÓN**.

2. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN

As probas realizaranse o **domingo, 19 de outubro**, na localidade de Bertamiráns. A saída e chegada de cada proba farase na rúa do Alcalde Lorenzo de Bertamiráns (arredores da Casa do Concello). O circuíto da proba absoluta estará debidamente sinalizado, contará con indicacións en cada quilómetro e estará homologado nas distancias de 5 km e 10 km pola **Real Federación Española de Atletismo**.

3. PARTICIPACIÓN

Na carreira popular poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

4. INSCRICIÓNS

As **inscricións da carreira popular** en todas as súas categorías realizaranse a través da web www.emesports.es cubrindo o correspondente formulario de inscrición.

*O prazo de inscrición para a carreira popular rematará o **martes 14 de outubro ás 23:59 horas**.*

Prezos da inscrición popular:

- | | |
|---|-----------------|
| • Categorias escolares (de pitufo/a a xuvenil): | Gratuíta |
| • Proba absoluta (de júnior a veterano/a): | 8 € |

Aspectos para ter en conta:

- Poderase formalizar o pagamento a través da pasarela de pago na propia web.
- Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido, nin o día da carreira.
- No momento da inscrición deberá acreditarse a marca na distancia de 10 km en ruta (só en probas homologadas).

5. RETIRADA DE DORSAIS

Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada na Casa do Concello (Praza do Concello nº 2- Bertamiráns) o día anterior á carreira (sábado, 18 de outubro) en horario das 17:00 ás 20:00 horas ou no mesmo día da carreira ata media hora antes da proba correspondente. Para evitar colas, recoméndase recoller o dorsal o día anterior no lugar establecido.

6. CONTROL DA CARREIRA

A carreira estará controlada ao longo de todo o percorrido a través dun **dorsal-chip** que se lle entregará a cada corredor/a. Os e as participantes que cheguen á meta sen este elemento ou que o leven colocado de xeito incorrecto descualificaranse automaticamente segundo criterio do xuíz árbitro da competición.

7. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO DA CARREIRA POPULAR

- Recibirán un trofeo as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría establecida no presente regulamento e tamén as tres primeiras clasificadas da proba absoluta.
- Na proba absoluta recibirán un trofeo local as tres primeiras persoas clasificadas empadroadas no Concello de Ames. Ademais, a ganadora e o ganador locais, tanto feminino como masculino, obterán un abono trimestral no Centro Deportivo Municipal A Telleira de Bertamiráns.
- Recibirán un trofeo os 3 primeiros clubs da carreira absoluta.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor ou corredora poderá recibir dous trofeos (agás os premios aos/ás atletas locais).

PREMIOS EN METÁLICO INDIVIDUAIS DA PROBA ABSOLUTA (10 K):

1º/1ª CLASIFICADO/A	250,00 €
2º/2ª CLASIFICADO/A	200,00 €
3º/3ª CLASIFICADO/A	100,00 €
4º/4ª CLASIFICADO/A	50,00 €

PREMIOS EN METÁLICO A CLUBS FEDERADOS DA PROBA ABSOLUTA (10 K):

1º CLUB FEDERADO CLASIFICADO	250,00 €
2º CLUB FEDERADO CLASIFICADO	175,00 €
3º CLUB FEDERADO CLASIFICADO	100,00 €
4º CLUB FEDERADO CLASIFICADO	75,00 €

A clasificación de clubs establecerase a través das 10 primeiras persoas clasificadas do club, sexan homes ou mulleres, mediante a suma dos seus postos. Os clubs deberán estar compostos, como mínimo, por 10 compoñentes que crucen a liña de meta e que teñan a licenza federativa en vigor. Para entrar nestes premios os clubs deberán remitir a relación de persoas inscritas co seu nome e apelidos e o seu número de licenza ao enderezo electrónico santiago@atletismo.gal antes do peche de inscricións.

A entrega de trofeos farase ao remate das probas diante da Casa do Concello (horario establecido). Non haberá premios nin trofeos para as crianzas participantes das categorías prebenxamín e pitufo. Nestas categorías entregaráselle unha medalla de chocolate a cada participante.

Aos/ás atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

8. PARTICIPACIÓN DE ATLETAS DOUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESTRANXEIROS/AS

A carreira popular está incluída no calendario autonómico da Federación Galega de Atletismo, polo tanto, a participación de atletas estranxeiros/as e doutras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto no regulamento de competición da Real Federación Española de Atletismo correspondente á tempada 2025 para probas en ruta.

9. SAÍDAS

Os e as participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba. Na proba absoluta estableceranse caixóns de saída e, por este motivo, os e as atletas participantes deberán acreditar no momento da inscrición a súa marca en 10 km en ruta.

10. RECLAMACIÓNS

Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todas as persoas participantes.

As reclamacións dos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición nos 30 minutos seguintes á publicación dos resultados oficiais.

11. OUTROS ASPECTOS PARA TER EN CONTA

- Os horarios das saídas poderán modificarse, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.
- Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Pavillón Polideportivo Municipal de Bertamiráns e servizo de roupeiro na Casa do Concello o día da proba.
- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **FGA**, **RFEA** e **WA**, por esta orde, en vigor para probas en ruta.

12. CATEGORÍAS E HORARIOS

Establécense as seguintes categorías e horarios, segundo o ano de nacemento:

XXIV CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE AMES

HORARIOS			
CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
PITUFO FEMININO	<i>nados/as no 2021 e posteriores</i>	200 m aprox	12:30 horas
PITUFO MASCULINO			12:35 horas
PREBENXAMÍN FEMININO	<i>nados/as no 2018, 2019 e 2020</i>	350 m aprox	12:40 horas
PREBENXAMÍN MASCULINO			12:45 horas
SUB 10 FEMININO	<i>nados/as no 2016 e 2017</i>	1.000 m aprox	12:50 horas
SUB 10 MASCULINO			13:00 horas
SUB 12 FEMININO	<i>nados/as no 2014 e 2015</i>	1.000 m aprox	13:10 horas
SUB 12 MASCULINO			
SUB 14	<i>nados/as no 2012 e 2013</i>	2.000 m aprox	13:20 horas
SUB 16	<i>nados/as no 2010 e 2011</i>		
SUB 18	<i>nados/as no 2008 e 2009</i>		
SUB 20	<i>nados/as no 2006 e 2007</i>	5,25 km (1 volta)	10:00 horas
SUB 23	<i>nados/as no 2003, 2004 e 2005</i>		
SÉNIOR	<i>nados/as entre 1991 e 2002</i>		
MÁSTER 1 MASC/FMNO	<i>nados/as entre 1985 e 1990</i>		
MÁSTER 2 MASC/FMNO	<i>nados/as entre 1975 e 1984</i>		
MÁSTER 3 MASC/FMNO	<i>nados/as entre 1965 e 1974</i>		
MÁSTER 4 MASC/FMNO	<i>nados/as en 1964 e anteriores</i>		
		10 km homologados pola RFEA	

13. HORARIOS DAS ENTREGAS DE PREMIOS


A entrega de trofeos farase nos seguintes horarios:

- 12:00 horas: Entrega de premios das categorías sub-18 e superiores da carreira popular.
- 13:40 horas: Entrega de premios das categorías escolares.

PERCORRIDOS

Sub 18 (1 volta) sub 20, sub 23, sénior e máster 1, máster 2, máster 3 e máster 4 (10 km): 10:00 horas.

PLANO PROBA ABSOLUTA (2 VOLTAS)



PLANOS DAS PROBAS ESCOLARES

PITUFO FEMININO	<i>nados/as no 2021 e posteriores</i>	200 m aprox	12:30 horas
PITUFO MASCULINO			12:35 horas
PREBENXAMÍN FEMININO	<i>nados/as no 2018, 2019 e 2020</i>	350 m aprox	12:40 horas
PREBENXAMÍN MASCULINO			12:45 horas



Percorrido de 350 metros

SUB 10 FEMININO	<i>nados/as no 2016 e 2017</i>	1.000 m aprox	12:50 horas
SUB 10 MASCULINO			13:00 horas
SUB 12 FEMININO	<i>nados/as no 2014 e 2015</i>	1.000 m aprox	13:10 horas
SUB 12 MASCULINO			13:20 horas
SUB 14	<i>nados/as no 2012 e 2013</i>	2.000 m aprox (2 voltas)	13:20 horas
SUB 16	<i>nados/as no 2010 e 2011</i>		

